

Luns, 1 de abril de 2024

Núm. 63

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Ordenanzas e Regulamentos*****APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN E
RECADACIÓN******ANUNCIO***

De conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, finalizado o período de exposición pública sen presentarse reclamación ningunha, enténdese definitivamente adoptado o acordo do Pleno do concello de data 29.01.2024, de aprobación provisional da modificación da Ordenanza Xeral de Xestión e Recadación do concello do Grove, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 12/02/2024 (BOPPO nº30), procedéndose segundo o disposto no artigo 17.4 do devandito texto legal, á publicación do acordo automaticamente elevado a definitivo.

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL DE XESTIÓN E RECADACIÓN DOS TRIBUTOS
LOCAIS.**

Artigo 13.6 e) Garantía que se ofrece nos termos do artigo 14.1.

Artigo 14º. Garantías nos aprazamentos e fraccionamentos de pagamento.

1. Non se esixirá garantía cando o solicitante sexa unha administración pública ou o importe das débedas, no seu conxunto, sexa inferior ao límite que sexa fixado en cada momento, pola lexislación estatal para as solicitudes de aprazamentos ou fraccionamentos de pago das débedas da facenda pública estatal.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación local, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, surtindo efectos retroactivos ao 15 de abril de 2023, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Alcalde: Jose Cacabelos Rico.

